

“Memoria para Xoana”,

Marica Campo

Xoana recibe de súa nai o legado da memoria persoal e colectiva, legado que a sitúa na realidade das mulleres da familia e que lle entrega a modo de advertencia e prevención, mais tamén como impulso para buscar a propia felicidade e lugar no mundo.

“Asasinato na casa rosa”,

Arantza Portabales

A inspectora Iria Santaclara, recibe a sorprendente chamada do millonario Ulises Villamor. O empresario cre que a súa muller foi asasinada hai catro anos e quere que a inspectora investigue os feitos.



“Xirarei!”, Pablo Carreiro

Xirarei! é un percorrido único por Galicia que mestura humor, tenrura e unha fonda admiración pola cultura galega. A través dun itinerario o autor fainos partícipes dunha viaxe onde cada páxina é unha homenaxe ao noso patrimonio cultural.

“O pacto do letargo”

Miguel Anxo Prado

E se o papel da humanidade nesta historia non fora o que ele mesma se atribúe? E se non foi tan inocente e pasivo como se pretende? Este é o punto de partida para que Miguel Anxo Prado nos faga preguntarnos sobre o fráxil equilibrio entre o home e a natureza.



“O albatros negro”,

María Oruña


A nova novela de María Oruña en galego. A nova novela de María Oruña en galego. María Oruña presenta unha trama de misterio e suspense ambientada en Vigo, unha cidade que, co seu mar e a súa historia, se converte nun personaxe máis da narración.



“Matadoiro cinco”

Kurt Vonnegut Aramburu

Ficción histórica, autobiografía, ciencia ficción e sátira mestúranse neste relato das experiencias de Billy Pilgrim durante a Segunda Guerra Mundial, concretamente na destrución de Dresden..



“Salvamos o planeta”


Por que hai gaivotas nos vertedoiros? Que é unha marea negra? E o quentamento global? Tan malo é o plástico? "Salvamos o planeta!" é un libro para aprender... divertíndote.



“As que no dormen”

Dolores Redondo

Na sima de Lagarrea aparece o cadáver de Andrea Dancur, que levaba tres anos desaparecida e por cuxo asasinato cumpría condena Salomé Aduriz, a ex parella da nai da moza asasinada. Mais outro misterio está a piques de cambialo todo.



**ENL EPA BERBÉS
- VIGO -**

**Suxestións
Lectoras
verán 2025**



Pídome ...

Web:

<https://epavigo.es>




“Cantareiras”

Foron creadoras e transmisoras de arte e beleza malia a vida difícil que lles tocou vivir.


“O libro do clima. Todo o que cómpre saber sobre o cambio climático”

Esther Constalla

Seca extrema e vagas de calor, mais tamén ondadas de frío, inundacións e precipitacións intensas: a crise climática converteuse nun problema global que ninguén pode ignorar xa.



“Guerra en Gaza”, Joe Sacco



Joe Sacco é coñecido como un inquebrantable cronista da inxustiza inflixida sobre o pobo palestino (*Palestina*, 1993; *Notas a pé de Gaza*, 2010). Continúa a súa misión con *Guerra en Gaza*, un conxunto de comentarios gráficos sobre o masacre israelí que comezou hai máis dun ano e continúa en descanso ata hoxe.

“O incendio”

Sara Vila Alonso

«O incendio» é un relato sobre o lume, aínda que o importante sexa todo o que sucede antes de que comece a arder. XLII Premio Blanco Amor de Novela.



INTELIXENCIA ARTIFICIAL PARA A SOCIEDADE



FINA PAULOS LAREO
ÓSCAR MANUEL REY CALO



“Intelixencia artificial para a sociedade”

"Intelixencia Artificial para a sociedade" é unha ferramenta que dotará ao lector dunha perspectiva clara e meridiana da presenza da IA nas nosas vidas e cara onde se encamiña.


“Inventario rochas e minerías”

De onde vén o ouro e por que é tan valioso? Que é a pirita, o xofre? De que está feito o xeo? Onde se encontran a pedra pómez e a arxila? Inventario ilustrado mergúllanos no coñecemento das rochas e dos minerais, desde a súa orixe ata a súa composición.



“Fóra de campo”


Rosalía Fernández Rial



A cara oculta das redes sociais, o poder das contendas cotiás, os fíos que unen as mulleres que non se deixan enredar. Fóra de campo fala unha linguaxe contemporánea onde conflúen as artes escénicas, plásticas e musicais.

“Rotas” Monste Fajardo


Rotas é o resultado de buscar nos arquivos, na memoria oral e na escasa bibliografía existente, a pegada das galegas máis esquecidas entre as esquecidas da historia; *Rotas* busca sacalas da cela do esquecemento e, a través das súas vivencias, verter cordura sobre o relato da nosa propia historia.



“A noite das cebolas”

Rosa Aneiros

Unha novela sobre a beleza, a fragilidade, a observación da natureza, os coidados, a memoria tramposa, a culpa e a íntima alegría de sentirse viva no medio dunha noite negra.



“Papaventos abismados”,

Marta Dacosta

Marta Dacosta deseña para a lectora un poemario atravesado por un tempo precipitado, unha tensión entre ser e estar e aquilo que se agarda de nós.



“O xogo de Escher”

Manuel Esteban

Conectados ao gran computador central da compañía Escher, milleiros de seres humanos experimentan múltiples vidas, indistinguibles da vida real. Pero no xogo de Escher algúns xogadores conseguen chegar máis alá das aparencias.



“Detective Ferruchi”

Marta Villar

Unha novela coral e divertida contada cun ton irónico e eficaz que consegue manter a intriga ata o final.

